

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 31/07/2025(<http://sede.vilagarcia.gal>)

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes:

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. CARLOS COIRA LOJO
DONA SONIA OUTON CASAL
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO
DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ
D. ALVARO CAROU GARCÍA
D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN
D. JUAN ANDRES BAYON ROLO
DONA MARIA ELENA SUAREZ SARMIENTO
D. JESUS REY RODRIGUEZ
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO
DONA MARTA MARÍA FERRADANS PADIN
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO
D. JULIO VARELA CARDALDA
D. FRANCISCO XABIER RODRIGUEZ PAZ
DONA ROSA MARIA ABUIN RODRIGUEZ
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

Lista de non asistentes:

D. RAUL SANTAMARIA GONZÁLEZ

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 31/07/2025, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 26 de xuño de 2025.

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes xuño de 2025.

3. Aprobación, se procede, da determinación das festas de carácter local para o ano 2026

4. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

5. Aprobación, se procede, da moción presentada polo voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, sobre a mellora da atención educativa do CEIP A LOMBA

6. Aprobación, se procede, da moción presentada polo voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, en relación coa permanencia da ambulancia medicalizada todo o ano, no hospital do Salnés.

7. Aprobación, se procede, da proposta de declaración institucional, presentada polo voceiro do Grupo Político Municipal de EU, de rexeitamento dos lamentabeis feitos acaecidos nos últimos días en Torre Pacheco (Murcia) **Retirada da orde do día da sesión plenaria**

8. Aprobación, se procede, da moción presentada polo voceiro do Grupo Político Municipal de EU, para que se declare o Concello de Vilagarcía de Arousa, contra as touradas en Galicia e inste aos Concellos que as promoven a eliminalas.

9. Aprobación, se procede, da moción presentada pola voceira do Grupo Político Municipal do PP, para garantir o despregamento integral da fibra óptica e mellora de cobertura en todo o municipio de Vilagarcía de Arousa

10. Aprobación, se procede, da proposta do Presidente da FPSDM, para nomear a Nave de Deportes Náuticos como "Nave de Deportes Náuticos-Antón Paz".

11. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

12. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

13. Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

14. Rogos e preguntas presentadas por escrito polos membros da Corporación Municipal.

15. Rogos e preguntas formuladas oralmente polos membros da Corporación Municipal.

16. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polos funcionarios municipais D. Juan Luis Núñez Tourís e Dona Elsa Pérez Fernández utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA DE DATA 26 DE XUÑO DE 2025.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21) a acta da sesión anterior de data 26 de xuño de 2025.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250731&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE XUÑO DE 2025: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA:

- 1 Inscripción Asociación en Rexistro Municipal
- 3 Aprobación Plan Seguridade e Saúde
- 1 Aprobación de pregos
- 2 Concesión permisos municipal de conductor taxi
- 1 Corrección erros expte. Transferencia de crédito
- 2 Transferencia de crédito
- 3 Decreto levantamento de reparo
- 2 Expediente de modificación por transferencia de crédito
- 7 Expediente de modificación de crédito por xeración
- 4 Expediente de modificación de crédito por subvención
- 5 Autorización festas ao aire libre
- 11 Pirmeiras alegacións expediente sancionador de tráfico
- 2 Recurso de reposición expediente sancionador de tráfico
- 1 Resolución sancionadora expediente tráfico
- 5 Arquivo expediente sancionador de tráfico
- 1 Aboamento servizos prestados en xornada nocturna
- 1 Inicio de elaboración orzamento Concello e Fundación de Deportes
- 1 Nomeamento Tesourerío Accidental.
- 1 Bases de selección socorristas.
- 1 Dedución de haberes por ausencia non xustificada do posto de traballo
- 7 Nomeamento de auxiliar de Policía Local
- 1 Pagamento plan de pensións
- 3 Substitución posto de categoría superior
- 3 Expediente sancionador empregado/a municipal
- 1 Nomeamento Interventora Accidental
- 2 Persoación Recurso Contencioso Administrativo
- 1 Aboamento taxa Xunta de Galicia
- 3 Licenza animais potencialmente perigosos
- 2 Desestimatoria IVTM
- 7 Estimatoria IVTM
- 3 Estimatoria/Desestimatoria ICIO
- 5 Estimatoria/Desestimatoria IIVTNU
- 50 Estimatoria/desestimatoria beneficios fiscais IVTM
- 5 Estimatoira pagos duplicados
- 29 Estimatoria/Desestimatoria taxas e prezos públicos
- 7 Estimatoria recibos

6 Estimatoria liquidacións e baixas
2 Estimatoria/Desestimatoria rateeo no IVTM
1 Estimatoria IAE
4 Estimatoria compensación de debedas
4 Estimatoria Bonificación IBI
49 Orde de pago
5 Pago comisións bancarias
1 Pago préstamo bancario
1 Recargo AEAT por autoliquidación extemporanea
1 Alegacións recargo AEAT por autoliquidación extemporanea
1 Aprobación de liquidación de recargo
1 Orden de Pago de devolución de ingresos
2 Ineficacia comunicación inicio actividade
6 Arquivo comunicación previa apertura de establecemento
1 Comunicación previa apertura de establecemento
10 Comunicación previa cambio de titularidade establecemento
15 Deber de conservación
2 Orde execución malezas
12 Reposición da legalidade urbanística
1 Sancionador Ruídos
1 Cambio de titularidade licenza obra
1 Denegación licenza de legalización
1 Licenza de obra maior
5 Licenza de obra menor
22 Comunicación previa obra menor
1 Renuncia Licenza Obra maior
TOTAL: 340

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250731&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- DETERMINACIÓN, SE PROCEDE, DAS FESTAS DE CARÁCTER LOCAL PARA O ANO

2026: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Xuventude e Promoción Económica, de data 28 de xullo de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta do escrito do Departamento Territorial de Pontevedra, Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, solicitando a remisión da proposta de festas locais para o ano 2026 aprobada polo Pleno do Concello.

Proponse as seguintes datas para as festas locais para o ano 2026:

- Día 22 de maio, festividade de Santa Rita.
- Día 17 de agosto, día posterior á festividade de San Roque.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE, informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais de PP, BNG, e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia infórmase favorablemente a proposta de festas locais para o ano 2026, para os días 22 de maio (Festividade de Santa Rita) e 17 de agosto (día posterior á Festividade de San Roque).

Na Sesión Plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, sendo o seu resultado o

seguinte:

VOTACIÓN.-Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Determinar as seguintes datas para as festas locais para o ano 2026:

- Día 22 de maio, festividade de Santa Rita.
- Día 17 de agosto, día posterior á festividade de San Roque.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250731&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN S OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Está presentada a seguinte solicitude de participación cidadá:

- Don Antón Campos González, en representación da ANPA co CEIP A LOMBA en relación coa moción do grupo político municipal do BNG, sobre a mellora da atención educativa do CEIP A LOMBA.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250731&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, SOBRE A MELLORA DA ATECIÓN EDUCATIVA NO CEIP A LOMBA.-

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Xuventude e Promoción Económica de data 28 de xullo de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, coa data de 14 de xullo de 2025, do seguinte teor:

MOCIÓN RELATIVA Á MELLORA DA ATENCIÓN EDUCATIVA DO CEIP A LOMBA
A comunidade educativa do CEIP A Lomba leva tempo denunciando ante as diferentes institucións educativas a situación de desleixo na que se atopan as alumnas e alumnos matriculados no centro ante as distintas decisións tomadas pola Consellería de Educación, ás cales repercuten de maneira negativa na calidade educativa recibida polas súas fillas e fillos ao non recibir a atención que por dereito lles corresponde.

O pasado curso lectivo tiveron que ver coma dende a Dirección Territorial da Xunta tomaron a decisión de suprimir unha das liñas educativas de 4º de infantil, nun centro que historicamente

sempre contara con dúas liñas, e que ademais no caso concreto do curso pasado a aula resultante contaba con 18 alumnos e alumnas (que computan como 20, sumando as dobres prazas por discapacidade), ao límite da citada ratio.

Debido a presión das familias mantívose á titora da segunda liña coma persoal de apoio máis sen reforzar ao centro co profesorado de apoio necesario para atender as necesidades educativas do citado alumnado en base a unha inclusión real.

A data de setembro do ano pasado, o número de alumnos/as escolarizados con necesidades específicas de apoio educativo é de 122. Dos que 90 están en A Lomba e 32 no Anexo. Deste alumnado, 33 teñen unha discapacidade certificada igual ou superior ao 25% (25 en A Lomba e 8 no Anexo). Sen embargo, esta cifra non contempla ao alumnado admitido despois desta data, nin aos novos diagnósticos ou avaliacións de discapacidade realizados durante o curso.

Para a atención do alumnado con NEAE e NEE o centro conta con 3 profesionais de Audición e Linguaxe. Unha delas atende 3 días no edificio A Lomba e 2 no Anexo, e outra 3 días en A Lomba e 2 en unitarias (sendo esta unha praza provisional). A terceira ten o seu posto de traballo adaptado.

En canto a profesionais de Pedagogía Terapéutica. Contan cunha única profesional que traballa 4 horas semanais no Edificio da rúa A Xunqueira.

Polo tanto, a oferta existente non cubre as necesidades reais do centro e das súas alumnas e alumnos. Ante esta situación as familias afectadas solicitaron en diferentes ocasións ser atendidos de xeito presencial polo inspector educativo, a última delas o pasado 26 de maio, para tratar a problemática á que se enfrontan sen ter resposta.

Non se entende a negativa da Xunta a desdobrar a aula de 4º de Infantil de o edificio de A Lomba, o cal dada a súa singularidade (o pasado curso o centro contaba cunha liña con 20 alumnas e alumnos neste edificio e 8 no edificio do Anexo. Nesa mesma aula de 18 nenas e nenos 2 teñen NEE e 4 NEAE) facilitaría ao traballo de mestres e especialistas, ademais de favorecer a inclusión e unha mellor atención á diversidade das alumnas e alumnos do centro. Visto o “modus operandi” da Consellería de Educación, moito nos tememos que ao igual que está facendo noutros centros educativos da Galiza, teña coma obxectivo a eliminación da segunda liña nun futuro. No vindeiro curso teñen praza para 4º de infantil no edificio de A Lomba 24 alumnas e alumnos. É preciso asegurar que dende a Consellería de Educación se manteña esa dobre liña e non ocorra como aconteceu o ano pasado no CEIP O Piñeiriño, onde obrigaron a certo número de crianzas a matricularse noutro centro, neste caso o CEIP A Lomba. É preciso instar á Xunta a que como mínimo manteña a actual parella educativa no vindeiro curso de 5º de infantil. Ademais de dotar a ambos edificios do centro de persoal especialista propio e fixo, sen itinerancia.

Ademais, dende o Pleno da Corporación do Concello de Vilagarcía de Arousa compre sumarnos á demanda da comunidade educativa de recuperar e seguir mantendo a dobre liña educativa que ata o curso pasado sempre existiu no edificio da zona da Xunqueira. Con respecto a isto non hai escusas que servan, xa que o centro conta co profesorado, aulas e servizos necesarios para elo, e tendo en conta ademais que dada a súa localización o CEIP A Lomba é un colexio de referencia que recibe altas de alumnado durante todo o curso escolar.

Agardamos que dende a Xunta de Galiza recapaciten e atendan as lóxicas demandas da comunidade educativa do CEIP A Lomba, solicitamos ao pleno da corporación a adopción do seguinte ACORDO:

- Instar á Xunta de Galiza a manter a actual parella educativa (titora+profesora de apoio) no vindeiro curso de 5º de infantil, xa que ambas son un referente para o alumnado de dita aula.
- Instar á Xunta de Galiza a que dote de máis persoal ao CEIP A Lomba para atender as necesidades especiais e específicas. O persoal de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica debe ter continuidade no Centro para unha vinculación correcta co alumnado e mellor traballo con este, polo que demandamos a súa fixeza e non itinerancia a outros centros.
- Instar á Xunta de Galiza ao mantemento da dobre liña educativa, que sempre existiu neste edificio, de 4º de infantil do próximo curso 25/26, xa que o Centro conta co profesorado, aulas e servizos necesarios para elas, sendo colexio de referencia con altas de alumnado ao longo de todo o curso escolar.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do BNG, EU e PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo político municipal do PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, sobre a mellora da atención educativa no CEIP A LOMBA.

- Intervén Don Antón Campos González, en representación da ANPA co CEIP A LOMBA en relación coa moción do grupo político municipal do BNG, sobre a mellora da atención educativa do CEIP A LOMBA.

Na sesión plenaria sométese a votación a moción polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e:

- Instar á Xunta de Galiza a manter a actual parella educativa (titora+profesora de apoio) no vindeiro curso de 5º de infantil, xa que ambas son un referente para o alumnado de dita aula.
- Instar á Xunta de Galiza a que dote de máis persoal ao CEIP A Lomba para atender as necesidades especiais e específicas. O persoal de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica debe ter continuidade no Centro para unha vinculación correcta co alumnado e mellor traballo con este, polo que demandamos a súa fixeza e non itinerancia a outros centros.
- Instar á Xunta de Galiza ao mantemento da dobre liña educativa, que sempre existiu neste edificio, de 4º de infantil do próximo curso 25/26, xa que o Centro conta co profesorado, aulas e servizos necesarios para telas, sendo colexio de referencia con altas de alumnado ao longo de todo o curso escolar.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250731&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, PARA MANTER A AMBULANCIA MEDICALIZADA TODO O ANO NO HOSPITAL DO SALNÉS.-Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade, de data 28 de xullo de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, coa data de 3 de xullo de 2025, do seguinte teor:

MOCIÓN DO BNG PARA MANTER A AMBULANCIA MEDICALIZADA TODO O ANO NO HOSPITAL DO SALNÉS

Don Francisco Javier Rodríguez Paz, portavoz do Grupo municipal do BNG no concello de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación a seguinte moción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Partido Popular na Xunta volveu un ano máis a trasladar a ambulancia medicalizada con base no hospital do Salnés para Sanxenxo durante a época estival, na vez de reforzar este concello e Ogrobe con unha ambulancia distinta.

Con esta decisión, deixa na práctica sen ambulancia medicalizada unha parte moi importante da comarca, a empezar por un concello de case 40 mil persoas como é Vilagarcía é unha temeridade e ten consecuencias dramáticas.

Son xa moitas as ocasións en que se puxo en evidencia as consecuencias de que a ambulancia medicalizada non estea no hospital do Salnés e, polo tanto, non estea en disposición de prestar asistencia en 5 minutos na vez dos 25 ou 30 se ven desde Sanxenxo, ou que xa non se active. A isto hai que engadir que á ambulancia medicalizada que ten a súa base no hospital do Salnés,

o 061 estalle asignando maioritariamente os traslados de doentes ingresados no hospital do Salnés a outros hospitais, aínda que o traslado non sexa urxente e as persoas a trasladar non estean en situación crítica ou de risco.

É sorprendente esta decisión cando no hospital do Salnés hai unha UVI móbil destinada unicamente a este fin que permanece aparcada. Esta conta con material, persoal técnico, así como facultativo e de enfermería do servizo de urxencias do propio hospital con gardas localizadas e remuneradas.

Unha auténtica irresponsabilidade, xa que mentres realizan eses traslados de doentes non críticos, a ambulancia medicalizada non está dispoñíbel para atender as urxencias que xurdan na comarca.

O tempo de resposta deste servizo poden marcar a diferenza entre un desenlace positivo ou un fatal. Diante dunha emerxencia o factor tempo e eficiencia é fundamental: nas paradas cardiorrespiratorias, ictus, politraumatismos... cada minuto de demora na atención agrava o pronóstico e a supervivencia.

Esixímoslle rectificación ao PP, que priorice a saúde e a vida da veciñanza da comarca do Salnés e destine os recursos para que dispoñan dunha asistencia sanitaria digna. Polo anteriormente exposto, solicitámoslle ao pleno da corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

O pleno do concello de Vilagarcía de Arousa insta á Xunta de Galiza a non seguir poñendo en risco a saúde e a vida da veciñanza da comarca do Salnés e polo tanto proceda a:

1.- Rectificar a decisión de trasladar a ambulancia medicalizada, SVA, con base no Hospital do Salnés, para Sanxenxo, durante os meses de verán, procedendo a manter a mesma no Hospital do Salnés os 12 meses do ano.

2.- Reforzar con outra ambulancia medicalizada, SVA, na época estival, as zonas de alta afluencia de visitantes de Sanxenxo e O Grove

3.- Dotar á ambulancia de Soporte Vital Avanzado (SVA) que só ten un técnico na actualidade, con dous.

4.- Rectificar a decisión de utilizar a ambulancia medicalizada do 061 con base no Hospital do Salnés para realizar traslados entre hospitais, salvo casos excepcionais, xa que deixa descuberta á poboación da comarca sen atención durante horas.

5.- Realizar os traslados intercentros coa UVI móbil destinada a este fin con base no propio hospital do Salnés, que conta con material, persoal técnico así como facultativo e de enfermería do servizo de urxencias do propio hospital con gardas localizadas e remuneradas para tal fin

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do BNG, EU e PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo político municipal do PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, para manter a ambulancia medicalizada todo o ano no hospital do Salnés.

Na sesión plenaria sométese a votación a moción polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9), BNG (2) e EU (1) e oito abstencións dos/as concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (8)

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e instar á Xunta de Galiza a non seguir poñendo en risco a saúde e a vida da veciñanza da comarca do Salnés e polo tanto proceda a:

1.- Rectificar a decisión de trasladar a ambulancia medicalizada, SVA, con base no Hospital do Salnés, para Sanxenxo, durante os meses de verán, procedendo a manter a mesma no Hospital do Salnés os 12 meses do ano.

2.- Reforzar con outra ambulancia medicalizada, SVA, na época estival, as zonas de alta afluencia de visitantes de Sanxenxo e O Grove

3.- Dotar á ambulancia de Soporte Vital Avanzado (SVA) que só ten un técnico na actualidade, con dous.

4.- Rectificar a decisión de utilizar a ambulancia medicalizada do 061 con base no Hospital do Salnés para realizar traslados entre hospitais, salvo casos excepcionais, xa que deixa descuberta á poboación da comarca sen atención durante horas.

5.- Realizar os traslados intercentros coa UVI móbil destinada a este fin con base no propio hospital do Salnés, que conta con material, persoal técnico así como facultativo e de enfermería do servizo de urxencias do propio hospital con gardas localizadas e remuneradas para tal fin.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250731&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, PROPOSTA DE DECLARACIÓN INSTITUCIONAL PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE EU, DE REXEITAMENTO DOS LAMENTABEIS FEITOS ACAECIDOS NOS ÚLTIMOS DÍAS EN TORRE PACHECO(MURCIA). Retírase a moción da orde do día da sesión plenaria coa finalidade de chegar a un consenso na Xunta de Voceiros.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250731&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE EU, PARA QUE SE DECLARE O CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, CONTRA AS TOURADAS EN GALICIA E INSTE AOS CONCELLOS QUE AS PROMOVEN A ELIMINALAS: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Xuventude e Promoción Económica de data 28 de xullo de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, coa data de 21 de xullo de 2025, do seguinte teor:

MOCIÓN

O Voceiro do Grupo Municipal de Esquerda Unida, ao amparo do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e no seu caso, aprobación por parte do pleno a Seguinte Moción.

PARA QUE O CONCELLO DE VILAGARCÍA SE DECLARE CONTRA AS TOURADAS EN GALICIA E INSTE AOS CONCELLOS QUE AS PROMOVEN A ELIMINALAS

Exposición de Motivos.

As touradas representan unha forma de espectáculo baseada no sufrimento e a tortura dun animal. A pesar de que se defenden en ocasións como parte dunha suposta tradición cultural, a meirande parte da sociedade galega e do conxunto do Estado rexeita estas prácticas por consideralas incompatibles cos valores dunha sociedade ética, respectuosa cos animais e orientada ao benestar colectivo.

Galicia non conta cunha tradición taurina arraigada como noutras partes do Estado. De feito, son moi poucos os concellos galegos, salvo o inexplicable caso do concello de Pontevedra que cun goberno progresitas, seguen permitindo ou organizando touradas, e mesmo nalgúns casos son subvencionadas con fondos públicos, algo que consideramos inxustificable en pleno século XXI.

A protección e o respecto polos animais deben ser principios fundamentais na acción pública. As

administracións locais, como representantes máis próximos á cidadanía, temos a responsabilidade de avanzar cara a modelos culturais e de lecer que promovan o respecto, a convivencia e a ética no trato cos seres vivos..

As administracións non deberían permitir espectáculos que se basan na violencia e o sufrimento gratuito.

Polo tanto, consideramos que o Concello de Vilagarcía debe posicionarse claramente contra as touradas e contribuír a impulsar un cambio de modelo cultural baseado no respecto e a protección animal.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal de Esquerda Unida, propón a adopción dos seguintes Acordos:

1.- Declarar que o Concello de Vilagarcía de Arousa é contrario ás touradas e a calquera tipo de espectáculo que implique maltrato animal.

2.- Instar aos concellos galegos que aínda celebran ou permiten a celebración de touradas, e nomeadamente ao concello de Pontevedra, a que abandonen esta práctica e eliminen calquera tipo de apoio ou financiamento público destinado a este tipo de espectáculos.

3.- Solicitar á Xunta de Galicia que impulse medidas para avanzar cara á erradicación definitiva das touradas en Galicia, así como campañas de sensibilización sobre a protección dos animais e o fomento de alternativas culturais éticas.

4.- Comprometer ao Concello de Vilagarcía a promover actividades culturais e festivas respectuosas cos dereitos dos animais e a non autorizar espectáculos que impliquen o seu sufrimento.

5.- Dar traslado desta moción aos concellos galegos, á FEGAMP e á Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.

Pola Sra. García Sanmartín, indícase que no Pleno celebrado o día 26 de xullo de 2018, aprobouse unha proposta similar, a través duna moción conxunta de EU e Somos Maioría.

Polo Sr. Fajardo Recousó, respóndese, que ésta moción introduce un tema novo.

Sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo político municipal de, EU informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de EU, para que se declare o Concello de Vilagarcía de Arousa, contra as touradas en Galicia e inste aos Concellos que as promoven a eliminalas.

Na sesión plenaria sométese a votación a moción polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Dez votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (9) e EU (1), e dez votos en contra dos/as concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (8) e BNG (2).

Producéase un empate na votación decidindo o voto de calidade do Alcalde a favor da aprobación da moción, polo que

ACÓRDASE Aprobado a moción presentada polo grupo político municipal de EU e:

1.- Declarar que o Concello de Vilagarcía de Arousa é contrario ás touradas e a calquera tipo de espectáculo que implique maltrato animal.

2.- Instar aos concellos galegos que aínda celebran ou permiten a celebración de touradas, e nomeadamente ao concello de Pontevedra, a que abandonen esta práctica e eliminen calquera tipo de apoio ou financiamento público destinado a este tipo de espectáculos.

3.- Solicitar á Xunta de Galicia que impulse medidas para avanzar cara á erradicación definitiva das touradas en Galicia, así como campañas de sensibilización sobre a protección dos animais e o fomento de alternativas culturais éticas.

4.- Comprometer ao Concello de Vilagarcía a promover actividades culturais e festivas respectuosas cos dereitos dos animais e a non autorizar espectáculos que impliquen o seu

sufrimento.

5.- Dar traslado desta moción aos concellos galegos, á FEGAMP e á Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250731&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE PP, PARA GARANTIR O DESPREGAMENTO INTEGRAL DA FIBRA ÓPTICA E MELLORA DE COBERTURA EN TODO O MUNICIPIO DE VILAGARCÍA DE AROUSA : Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Xuventude e Promoción Económica de data 28 de xullo de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP, coa data de 24 de xullo de 2025, do seguinte teor:

MOCIÓN

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 31 de xullo de 2025 a seguinte MOCIÓN:

“MOCIÓN PARA GARANTIR O DESPREGAMENTO INTEGRAL DA FIBRA ÓPTICA E MELLORA DE COBERTURA EN TODO O MUNICIPIO DE VILAGARCÍA”

EXPOÑEN

O acceso á conectividade dixital de calidade constitúe hoxe en día, un dereito fundamental para a cidadanía e unha condición indispensable para a igualdade de oportunidades, o desenvolvemento económico e a fixación de poboación. Non obstante, Vilagarcía segue a presentar importantes déficits no despregamento da fibra óptica e da cobertura móbil 5G, especialmente en zonas rurais e do extrarradio.

A pesar dos anuncios e compromisos realizados polo Goberno de España nos últimos anos, e da chegada de fondos europeos para a dixitalización, a realidade é que moitas vivendas e núcleos do noso municipio seguen sen acceso a conexións de alta velocidade nin a servizos básicos de telecomunicación en condicións adecuadas. As zonas periurbanas e do rural como Guillán, Rubiáns, Bamio, Sobradelo, Vilaxoán, Cea ou Trabanca Sardiñeira, son só algúns exemplos de áreas onde o despregamento é insuficiente ou inexistente.

A falta de conectividade plena supón unha discriminación clara para moitos veciños e veciñas de Vilagarcía, que ven dificultado o teletraballo, o acceso a servizos públicos dixitais , e a implantación de empresas, o que compromete o futuro dos nosos barrios e parroquias rurais.

Resulta inaceptable que, en 2025, despois de anos con fondos europeos finalistas, aínda existan fogares e negocios sen conexión mínima a Internet ou cobertura móbil axeitada, sendo responsabilidade do Goberno central garantir unha conectividade igualitaria en todo o territorio, sen importar o código postal.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1. Instar ao Goberno de España a garantir, con carácter urxente, o despregamento integral da fibra óptica en todo o termo municipal de Vilagarcía de Arousa, asegurando que todas as vivendas e empresas teñan acceso a unha conexión de alta velocidade.
2. Demandar ao Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública que inclúa a Vilagarcía de Arousa nas actuacións prioritarias do Plan ÚNICO (Universalización de Infraestruturas Dixitais para a Cohesión), dotando de financiamento as operadoras para completar a cobertura das zonas actualmente desatendidas e faga un seguimento do seu efectivo cumprimento.
3. Solicitar ao Goberno central que acelere a mellora da cobertura e o despregamento da rede 5G en todo o municipio, con especial atención ás zonas rurais, garantindo unha cobertura móbil eficiente e moderna que permita o acceso igualitario á dixitalización.
4. Instar ao goberno local a facer una relación conxunta de todas as queixas ou solicitudes que

recibiu para a mellora da cobertura móbil ou instalación de fibra óptica e a remita ao Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública a fin de que, de xeito urxente, se atendan. Ana Granja – Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais de, PP e EU informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP, para garantir o despregamento integral da fibra óptica e mellora de cobertura en todo o municipio de Vilagarcía de Arousa.

Polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE presentase a seguinte emenda de adición:

5.- Instar á Xunta de Galicia e a AMTEGA a dar cumprimento aos seus obxectivos de implantar unha rede de infraestruturas moderna e sostenible.

Polo grupo político municipal do PP acéptase a emenda presentada.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción coa emenda presentada, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e:

1. Instar ao Goberno de España a garantir, con carácter urxente, o despregamento integral da fibra óptica en todo o termo municipal de Vilagarcía de Arousa, asegurando que todas as vivendas e empresas teñan acceso a unha conexión de alta velocidade.

2. Demandar ao Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública que inclúa a Vilagarcía de Arousa nas actuacións prioritarias do Plan ÚNICO (Universalización de Infraestruturas Dixitais para a Cohesión), dotando de financiamento as operadoras para completar a cobertura das zonas actualmente desatendidas e faga un seguimento do seu efectivo cumprimento.

3. Solicitar ao Goberno central que acelere a mellora da cobertura e o despregamento da rede 5G en todo o municipio, con especial atención ás zonas rurais, garantindo unha cobertura móbil eficiente e moderna que permita o acceso igualitario á dixitalización.

4. Instar ao goberno local a facer una relación conxunta de todas as queixas ou solicitudes que recibiu para a mellora da cobertura móbil ou instalación de fibra óptica e a remita ao Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública a fin de que, de xeito urxente, se atendan.

5.- Instar á Xunta de Galicia e a AMTEGA a dar cumprimento aos seus obxectivos de implantar unha rede de infraestruturas moderna e sostenible.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250731&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DO PRESIDENTE DA FPSDM, PARA NOMEAR A NAVE DE DEPORTES NÁUTICOS COMO "NAVE DE DEPORTES NÁUTICOS-ANTÓN PAZ": Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Xuventude

e Promoción Económica de data 28 de xullo de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta do presidente da FPSDM, do seguinte teor:

Proposta para o Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa: Nomeamento da Nave de Deportes Náuticos como "Nave de Deportes Náuticos - Antón Paz"

Exposición de Motivos:

O deporte é un pilar fundamental na nosa sociedade, non só pola súa capacidade de fomentar a saúde e o benestar, senón tamén pola promoción de valores como o esforzo, a superación e a solidariedade. En particular, a vela, pola nosa situación xeográfica, é un deporte moi importante na nosa cidade, grazas ao esforzo dos clubs e ao talento e dedicación dos nosos e nosas deportistas.

Hoxe, temos unha nave de deportes náuticos tras un acordo coa Autoridade Portuaria, un espazo que alberga nas súas instalacións aos nosos deportistas de vela, piragüismo, actividades subacuáticas, todas elas vencelladas ao mar.

É neste contexto onde consideramos que debemos rendir unha homenaxe ao noso deportista máis destacado: Antón Paz Blanco.

Antón no so foi una figura emblemática da vela local, senón coa súa impresionante traxectoria e contribución ao deporte náutico levou o nome de Vilagarcía de Arousa a nivel nacional e internacional.

A súa traxectoria a nivel internacional inclúe a participación en dous Xogos Olímpicos de Verán, na clase Tornado obtendo un oitavo lugar en Atenas 2004 e a medalla de ouro en Pekín 2008. Ademais, gañou dous Campionatos Mundiais de Tornado nos anos 2005 e 2007, e o título no Campionato Europeo de Tornado en 2005, éxitos que o levaron a ser recoñecido como mellor Regatista Mundial do ano 2005 e recibir, no ano 2009, a medalla de ouro da Real Orden do Mérito Deportivo.

Na clase Platú 25, xunto ao seu irmán Carlos conqueriron o título de campións de España nos anos 2007 e 2008, e campións do mundo no ano 2009, nas augas italianas de Punta Ala.

Unha vez retirado, continúa preparando a novos deportistas a conquistar éxitos a nivel autonómico, nacional e internacional, como a consecución da medalla de bronce da embarcación Nacra 17 de Nova Zelandia nos Xogos Olímpicos de París 2024.

Inspiración e Referente: A súa dedicación e paixón pola vela inspira a moitas rapazas e rapaces de Vilagarcía para navegar, demostrando que con esforzo e determinación podense alcanzar grandes logros.

Proposta:

Por todo o anterior, propoño ao Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa o nomeamento da Nave de Deportes Náuticos, como "Nave de Deportes Náuticos – Antón Paz", en recoñecemento a súa traxectoria e aportes á vela local, nacional e internacional.

O nomeamento da nave en honor a Antón Paz Blanco perpetuará o seu legado e servirá como un símbolo de motivación para as futuras xeneracións de deportistas locais.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e EU informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo político municipal do PP, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da proposta do presidente da FPSDM, para nomear a nave de deportes náuticos como "Nave de deportes Náuticos-Antón Paz".

Na sesión plenaria sométese a votación a moción polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE aprobar a proposta do Presidente da FPSDM para nomear a Nave de Deportes

Náuticos, como "Nave de Deportes Náuticos – Antón Paz", en recoñecemento a súa traxectoria e aportes á vela local, nacional e internacional.

O nomeamento da nave en honor a Antón Paz Blanco perpetuará o seu legado e servirá como un símbolo de motivación para as futuras xeneracións de deportistas locais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250731&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250731&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250731&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- RESPOSTA DOS/AS CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS ÁS PREGUNTAS FORMULADAS NO PLENO ANTERIOR.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as delegados/as respóndese ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250731&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POR ESCRITO POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Por parte do concelleiro do grupo político municipal de EU presentanse as seguintes preguntas:

Cal é a situación da fonte da praza da independencia, porque non se pon en funcionamento, e se ten realizados os controis sanitarios pertinentes?

Porque non se están utilizando ningunha das dúas novas máquinas adquiridas e presentadas pola concesionaria e o concello, para a limpeza de praias?

Polo grupo político municipal do PP presentanse as seguintes preguntas:

1. ¿A cancelación do concerto de Mago de Oz suporá algún custe ao concello? E de ser así, ¿Canto será a cantidade?

2. ¿Cando se substituirán as luminarias do campo de fútbol de Vilaxoán?

3. Con respecto ao convenio con Lantero. ¿Por que o goberno local non deu conta aos membros

do pleno do procedemento xudicial de Lantero ata a data? ¿Requiriu o xulgado ao Concello para que de cumprimento á sentenza?

Polos/as Concelleiros/as do grupo de goberno respondense as preguntas formuladas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250731&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS ORALMENTE NA SESIÓN, POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250731&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

16.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN. Por parte das persoas que asisten como público á sesión fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250731&punto=16>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:00, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.